

#### Tema 4. Agostiño de Hipona: a síntese de Razón e Fe.

### 1. Vida e obra (contexto do autor)

Agostiño naceu no ano 354 d.C en Tagaste, unha cidade do norte de África. Pertencía a unha familia acomodada, sendo o seu pai un patricio e polo tanto unha figura de poder dentro do Imperio Romano, o cal lle permitiu recibir unha boa educación. Durante a súa adolescencia trasladouse a Cartago, onde entraría en contacto coa **filosofía clásica e onde estudaría e desenvolvería as súas habilidades retóricas**. Durante esta primeira etapa da súa vida levou unha vida afastada da que se asocia a unha persoa relixiosa, en parte porque a súa conversión ao Cristianismo aínda non tivera lugar. Como el mesmo nos relata nas súas *Confesiões*, obra de carácter autobiográfico, recoñece que se entregou a numerosos “praceres mundanos” ao lado dunha compañeira, coa cal chegaría a ter un fillo:

En aquel mismo tiempo tenía yo una mujer, no que fuese mía por legítimo matrimonio, sino buscada por el vago ardor juvenil escaso de prudencia; pero era una sola, y le guardaba también fidelidad: queriendo saber por experiencia propia la diferencia que hay entre el amor conyugal pactado mutuamente con el fin de la procreación, y el pacto de amor lascivo, en el cual suele también nacer algún hijo contra la voluntad de los amantes, aunque después de nacido los obliga a que le tengan amor.

Agustín de Hipona, *Confesiones*

Farase seguidor do **maniqueísmo**, unha relixión de orixe oriental fundada polo persa Mani, caracterizada polo seu dualismo e por unha dialéctica ou conflito perpetuo entre o Ben e o Mal, forzas contrapostas representadas por dúas deidades. Segundo esta relixión, de maneira semellante a outras como o orfismo, o corpo humano pertence á esfera do Mal ou da escuridade mentres que o espírito á do Ben ou da luz. Deste xeito o maniqueísmo fomenta unha vida de ascetismo e purificación para liberar todo o bo que hai en cada individuo.

Con todo, Agostiño verase defraudado por esta nova fe polo que se trasladará a Roma e a Milán, cidades nas que ensinará retórica, disciplina na que destaca dende moi novo. Esta etapa será un punto de inflexión na súa vida e no seu pensamento a través dos sermóns de **Ambrosio de Milán** **achegarse ao Cristianismo ao mesmo tempo que comeza a estudar a filosofía neoplatónica a partir, especialmente, das obras do seu máximo representante: Plotino**. Será bautizado polo propio San Ambrosio, iniciando a súa vida de reflexión e ascetismo ao servizo desta nova fe, dedicándose a combater ás **herexías que pugnaban pola hexemonía doutrinal dentro da Igrexa**: o pelaxianismo, o arrianismo, etc. Será nomeado bispo de Hipona, morrendo no asedio de dita cidade a mans dos vándalos no ano 430 d.C.

Agostiño de Hipona é considerado como unha das principais figuras da **Patrística**, corrente

#### Tema 4. Agostiño de Hipona: a síntese de Razón e Fe.

de pensadores que asentaron as bases doutrinais do Cristianismo durante os seus primeiros séculos, sendo, deste xeito, considerado como un dos **Pais da Igrexa**.



#### 2. Platonismo cristiano: a síntese de razón e fe.

**“Cree para entender, entende para crer”**. Esta frase sintetiza o fundamental do pensamento de Agostiño de Hipona. A razón vai ser serva da fe, o home, pecador por natureza, precisa da fe para realizarse plenamente: para acadar a felicidade e o coñecemento verdadeiro e universal. Con todo, Agostiño non renuncia á razón, xa que é unha facultade propia do ser humano e polo tanto un don dado por Deus que debe ser utilizado. **Como xa vimos Agostiño desenvolve a súa filosofía nunha época convulsa para o Cristianismo, un tempo no que distintas correntes pugnaban entre si para erixirse como as representantes da verdadeira fe. É precisamente neste contexto onde xorde o principal tema de estudo da filosofía medieval: a relación entre razón e fe.**

Xa dende o xurdimento do Cristianismo esta relación foi complexa, dadas as **diferencias** existentes entre a dogmática cristiana e a tradición filosófica grega. Presocráticos como Anaxágoras, coa súa idea de **nous** referíanse a “deus” como unha intelixencia ordenadora da natureza. Outros, como Aristóteles, falaban de deus como unha **causa final** ao que todo tende, pero en ningún caso como **causa eficiente creadora**. Esta interpretación é a que caracteriza á teoloxía cristiana a cal identifica a Deus cun ser que crea o cosmos a partir da nada (**creatio ex nihil**), que se interesa e mesmo inmiscúe nos asuntos humanos, sendo pois **omnipotente, omnipresente, bondadoso** e posuíndo outros atributos definitorios da súa perfección.

Tamén atopamos diferencias á hora de abordar a noción de verdade: **para os cristiáns é revelada e de orixe divina, recollida nas Sagradas Escrituras. Pola contra a concepción grega da verdade apela á razón como ferramenta para chegar a ela** (algo que vemos, por exemplo,

#### Tema 4. Agostiño de Hipona: a síntese de Razón e Fe.

coa idea da dialéctica defendida por Platón). As diferencias aparecen tamén a nivel **antropolóxico: para os cristiáns o home é creado a imaxe e semellanza de Deus. A súa alma é inmortal, o seu corpo non**, este último resucitará na fin dos días uníndose á primeira, recibindo un castigo ou unha recompensa en virtude tanto dos actos durante a vida terreal como da Gracia divina. Isto implica unha **visión lineal da historia, radicalmente oposta á perspectiva cíclica dos gregos**, o cal permite xustificar ideas como a da redención, a culpa ou o pecado.

Mais pese a todo os pensadores cristiáns atoparon na filosofía grega elementos moi atractivos para conciliar coa súa fe, aclarando e mesmo xustificando algúns dos seus dogmas. Centrémonos, xa que estamos a falar de Agostiño de Hipona, nos elementos tomados da filosofía platónica:

- **O dualismo:** a diferenza ontolóxica entre **mundo sensible e mundo intelisíbel** e a explicación da relación entre ambos a partir dos principios de **copia e participación** aparece, claramente, na teoloxía cristiá. Do mesmo xeito o papel do **Demiurgo** como configurador do mundo sensible pódese relacionar coa idea dun Deus que non só moldea a realidade, senón que a crea a partir da nada. Por último a **idea de Ben como principio fundamental para coñecer a realidade que é interpretada polos neoplatónicos como a idea de Un e polos cristiáns como o Deus trascendente característico desta relixión monoteísta**.
- **A antropoloxía:** Platón ten unha concepción dualista do ser humano, distinguindo entre **alma e corpo**. A consideración dunha alma inmortal será tomada por filósofos como Agostiño para defender as crenzas cristiás. A isto hai que sumar a tese de Platón sobre a purificación da alma, a cal debe regresar ao mundo ideal ao cal pertence, algo fácilmente asimilable por parte da teoloxía cristiá e de relacionar co dogma do **xuízo final**. Con todo hai que puntualizar que para o Cristianismo a alma humana é creada por Deus, fronte a interpretación do pensamento grego que considera que é eterna, é dicir, non creada.

**Pese as influencias tomadas da filosofía grega para Agostiño só existe unha verdade, aquela revelada pola relixión. Así, a razón pode axudarnos a aclarar esta verdade e a comprendela mellor pero sempre será unha serva da fe.** A frase que apuntamos con anterioridade *“cre para entender, entende para crer”* ilustra a súa filosofía: **razón está subordinada á fe**, se non cremos nos dogmas da fe non poderemos chegar a coñecer a verdade. A primeira parte desta frase ilustra o rol predominante que a fe ten no pensamento agostiño, a segunda como a **razón é un instrumento para aclarar a fe**. A fe debe apoiarse no discurso racional xa que este último non pode entrar en contradición coas verdades reveladas, tan só axudar a comprendelas mellor.

### 3. O coñecemento.

Agostiño distingue entre coñecemento sensitivo, racional e intelectual:

- **Coñecemento sensitivo:** é o grao máis baixo de coñecemento a partir dos sentidos. Igual que Platón considera que este tipo de coñecemento só xenera opinión (doxa), a cal é imperfecta, cambiante e suxeita á modificación, xa que trata sobre aquilo que é mutable e está en constante devir. Deste xeito, seguindo a filosofía platónica, Agostiño considere que o verdadeiro obxecto de coñecemento non está no sensible, senón en aquilo eterno e perfecto: as verdades inmutables que non proceden da experiencia.
- **Coñecemento racional:** a razón busca aquilo de universal que hai na realidade sensible. A isto é o que podemos denominar **ciencia**, a cal busca unhas regras ou principios necesarios que expliquen o mundo que nos rodea. Estes principios non son creados pola razón, senón que preexisten nela e son os que nos permiten elaborar xuízos sobre o mundo. Aquí podemos incluír ao coñecemento matemático, exemplo que pode ilustrar ao que Agostiño se refire como coñecemento racional.
- **Coñecemento intelectual:** o **verdadeiro coñecemento filosófico** que tamén e chamado por Agostiño sabedoría. É o que nos leva ás **verdades universais e absolutas**, aquilo que Platón denominou como **as ideas**. Igual que na filosofía do ateniense hai unha gradación do coñecemento dende o sensible cara o ideal, como afirma o propio Agostiño: *"Las ideas son formas arquetípicas o esencias permanentes e inmutables de las cosas, que no han sido formadas sino que, existiendo eternamente y de manera inmutable, se hallan contenidas en la inteligencia divina"*. As ideas atópanse, pois, na mente divina polo que só podemos acceder a elas a través da **iluminación que Deus concede á alma**. A razón por si mesma non será suficiente para a contemplación das verdades universais.

Vemos pois que a **ciencia sempre estará subordinada á sabedoría, é dicir, a razón actúa como serva da fe**. Se queremos chegar ás **verdades universais debemos orientarnos cara á contemplación e ao amor a Deus**. A filosofía pasa a ser un proceso que nos achega a Deus, debemos realizar un exercicio de **introspección**, buscar en nós mesmos esa verdade, adoptando unha vida ascética e orientada ao Creador. Este é o camiño cara a verdade.

#### 3.1. A verdade e a iluminación.

Dedicado a alcanzar as verdades que Agostiño situaba en Deus este enfrontarase aos **escépticos que dominaban a Academia e que negaban a posibilidade de alcanzar con certeza verdade algunha**. Agostiño opúxose a isto afirmando que **existen verdades absolutas como as da**

#### Tema 4. Agostiño de Hipona: a síntese de Razón e Fe.

**matemática e a lóxica, así como as verdades das ideas que atopamos na intelixencia divina.**

Pero, de onde proceden estas verdades universais? Non poden vir dos sentidos, dos cales só obtemos opinións mudables e cambiantes. Deben, pois, ser anteriores á experiencia. Platón defendía que a alma humana era quen de coñecer as ideas xa que previamente xa estivera en contacto con elas, tese que explicou a partir da **teoría da reminiscencia**. Agostiño substitúe a esta pola **teoría da iluminación: a alma chega á verdade cando é iluminada por Deus**. Deste xeito, para descubrir a verdade hai que entrar nun mesmo e **escoitar a voz da alma**. A verdade non pertence ao plano do intelixible polo que deberemos pecharnos aos sentidos e dedicarnos plenamente á un proceso de purificación e introspección. Isto é o que Agostiño entende por filosofía: a purificación da nosa alma e a ascensión cara Deus. Neste proceso o home decátase de que as **ideas non dependen del, que as verdades absolutas non son mutables como o sensible, senón que en tanto que perfectas e eternas atópanse no Ser que é perfecto e eterno: Deus**. Ao buscar en si mesmo a mente humana é iluminada alcanzando así a verdade.